

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Internacional del Trabajo (OIT) vén de facer público un informe sobre a desigualdade salarial no mundo que inclúe datos sobre o que acontece en España.

A OIT denuncia no último Informe Mundial sobre Salarios 2016/2017 a enorme desigualdade salarial que afecta a tódolos países, incluído o Estado español.

Unha das fórmulas de medir a desigualdade que utiliza o informe é a de analizar como se distribúe a masa salarial do país entre os diferentes grupos de persoas asalariadas distribuídas por deciles de ingresos.

A OIT chama a atención da elevada desigualdade salarial porque o 10% das persoas con maiores ingresos concentra unha elevada parte dos ingresos totais mentres que o 10% das persoas peor remuneradas teñen unha participación moi reducida na distribución da masa salarial.

Os datos do decil salarial da Enquisa de Poboación Activa elaborada polo INE permite trasladar esta metodoloxía de análise á realidade do mercado de traballo en Galicia.

Cos datos do 2015 –que é o ano de referencia que utiliza o OIT- a distribución da masa salarial en Galicia ten un elevado grado de desigualdade, que se manifesta no seguinte dato: o 8% das persoas asalariadas mellor retribuídas concentran o

20% do total da masa salarial mentres que o 10% que ten as retribucións máis baixas só reciben o 2% da masa salarial total. Isto é, o 7% con máis ingresos cobra 10 veces máis que o 10% con menos ingresos.

Unha desigualdade extrema ao utilizar os deciles 1 e 10 pero que se estende no conxunto da escala salarial, en especial nos seus tramos inferiores e superiores.

Así, o 17% das persoas asalariadas que están nos tramos altos acaparan o 36% da renda salarial total mentres que o 20% que están nos deciles 1 e 2 apenas chegan ao 7% da masa salarial total.

A OIT no seu informe denuncia as carencias da desigualdade tanto en termos da calidade da vida das persoas como dos seus efectos na economía.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a definir unha estratexia para corrixir a desigualdade salarial logrando unha distribución máis xusta e eficiente da renda salarial.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016.

Asdo.: Manuel Lago Peñas.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.